

Limiar de *As paisaxes eléctricas*, de Cristina Ferreiro, Eds. Sotelo Branco, 2014

Que facer con tanta radioactividade?

5-4: As criaturas que nos chamamos a nós mesmas *sapiens* levamos unha boa malleira no ego colectivo dende que o mundo é mundo.

De sermos os embigos do universo, as evidencias e observacións foron desprazando o eixo até deixarnos nun arrabalde dun nonsesabemoibenónde-brazo-de-Orión dunha galaxia de tantas. A nosa leva o nome poético, *Vía Láctea*. Sen nada de especial, de quitado para nós mesmos.

Vía Láctea é o nome doce e liquefacto da violenta espiral de gas, radiación, materia escura e sabedorqué na que andamos ás voltas.

Por se fose pouco, de crérmonos ou cumio dunha suposta pirámide de seres vivos, caemos -caemos non, precipitámonos, e de cu- na conta de que non somos precisamente os mellores deste bioma insólito chamado Terra. De que o noso estar aquí modifícaa, non sempre para ben, a ela e ao resto dos seus habitantes, dende teixugos a víboras de Seoane, dende sequoias a orquídeas Serapias Lingua.

Dende un punto de vista cósmico, e trala Gran Mortandade do Pérmico, xa deberíamos ter asumido que todos somos especies en perigo de extinción. Pero ás veces, sabelo parece que nos sitúa en perigo de eclosión. E florecen ideas sobre ese «logo de que». Unha poética de apocalipses lentas e do que vai pasar despois. Futuribles a caer dun sétimo piso.

4:2: Igual por iso diversas ciencias e tamén diversas fantasías literarias levan tempo a examinare a nosa complicada relación co medio e o seu futuro. É habitual atopar estes enfoques na divulgación científica e na ciencia-ficción de tintes ecolóxicos. En poesía, con todo -e moi ao meu pesar-, foi *rara avis*.

Pero as *rara avis* tamén emprenden o voo, tarde ou cedo, e nos últimos anos detéctase maior simbiose entre campos como a distopía e a poesía: a serie de Sci-Fi poemas da editorial El Gaviero foi un pequeno botón de mostra, e poetas como Diane Ackerman ou os que se agrupan en webs como a Science Fiction Poetry Association parecen empeñados en coser ambas dimensións.

A distopía, con todo, segue confinada na prosa e só moi timidamente déixase ver pola poesía. Cre que ninguén a espera. E quizais non é así.

√**9:** Precisamente nun escenario distópico xermolan os textos de **Cristina Ferreiro n'As paisaxes eléctricas**. Poesía alucinada e alucinante. Unha cita de Sam Lowry -protagonista de *Brazil*, a distopía burocrática de Terry Gilliam, de 1985- abre estas paisaxes que olen ao deserto do real de Morfeo en *Matrix* e un pouco a aquela era electrónica sobre a que teorizaba Marshall McLuhan nos 60.

Creo que vos vai hipnotizar pasear con ela, cando menos tanto como me hipnotizou a min. As súas paraxes breves rebordan melancolía, silencio, códigos binarios rotos atravesados por esa radiación que é a literatura feita de rabuñazos e cambras. Enganosos enclaves cotiáns parecen tendernos os brazos como cables: supermercados, latas de conserva, electrodomésticos, bibliotecas, discos duros, GPS, pantallas de LCD. A vida urbana e as ratas. Elvis e Sinatra. Tv movies apocalípticas e Betty Boop. Átomos de uranio e galletas María.

Ou a Fnac poboada de animais. Moito me prestou iso. Xa me imaxinei unha saramaganta corricando un libro de David Rubín, toda relambida. Dous corzos abrindo a cornamenta viva a capa do último de Anxos Sumai. Os libros e produtos audiovisuais da nosa era, todos forrados de lique.

TT: Dicía o cineasta checo Jan Svankmaier que «a imaxinación é subversiva porque se opón ao que é posible e ao que é real». Ás veces, a imaxinación poética pón diante dos fociños o que non debe ser posible e o que non debe ser real. Entramos no terreo da denuncia, que nestes textos non se orienta cara á poesía social ao uso, senón cun aquel ben máis onírico. Malia o Sam Lowry aterrado, a Matrix entre as coxas, o universo radioactivo -e pouca broma con el-, malia todo o desalento tamén crin sentir alento. Pero pode que esta interpretación miña sexa algo alucinada tamén. Igual o alucinado contaxia.

O ser humano destas xeografías habita un mundo hostil, unha realidade amorfa e gris [un suicidio que abre e pecha o conxunto, fea postmodernidade, amor que tende a 0]. O fogar como algoritmo, os androides, todo ese disco duro fragmentado da nosa sociedade que ten algo de ciberpunk e do universo kafkiano-orwelliano da película *Brazil* é visto como un negativo que necesita positivarse no regreso: prantar nabizas, leitugas que son lenda, vacas que non deben desaparecer, como moito pisar unha lata de Coca-Cola.

Agardar a primavera nun poema e no seguinte «escribir a palabra *exilio*/ no GPS» ou preguntarse «e se a terra naufraga que?» Segundo o poeta Mark Strand a realidade dun poema sempre é fantasmal. Coido que a poeta que tendes entre mans sabe suxerir abondo sen chegar a ser obvia nunca.

8-4i: A miña paisaxe favorita do libro de Cristina é a do lugar abandonado [«unha biblioteca de discos duros e postliteratura» é unha paisaxe abandonada?]. Os lugares abandonados, xa de seu, teñen un aquel poético: «**Imaxina** toda unha estirpe de Igrexas e Catedrais abandonadas, a xente percorre os mapas a cámara lenta. [...] Lemos a Historia do Mundo en enciclopedias dunha soa páxina»... Parecen eses fognazos do twitter de @abandonedpics.

Lugares abandonados, habitacións desamobladas e o deserto asexando en cada pinga de tinta. Como nunha cápsula protectora, o amor de parella, o sexo, o interior doméstico. Malia todo, sempre segue a ser preciso tender as bragas, poñer lavadoras e arranxar a Thermomix. A cotidianeidade, co seu tic de despreocupación, é un estado case balsámico nun deserto de expectativas e

quizais conteña algo desafiante, de lerse así: unha defensa do pequeno, do indefenso, ante a voracidade dunha degradación sistemática.

∞: Porén, non todo é Apocalipse 2.0; aquí tamén atopamos unha proposta textual á procura de xénese e renacemento: «este podería ser/ o instante que o cambie/ todo», e isto é case un *spoiler* do final, se é que en poesía ten sentido falar de *spoiler*. Aproveitar a radioactividade no noso beneficio, unha reactivación do delirio da sintaxe. Así que benvidos á sacudida eléctrica e á paisaxe humana/inhumana que non cesa. Benvidos á «facilidade de atopar nomes nas nubes», a «Kansas segundo a temperatura das aves». Ao noso «existir animal e fulgurante», benvidos. Benvidos ao deserto do surreal.

Estíbaliz...Espinosa, xullo 2014